



Aurias é un proxecto de MaEGA, a Asociación galega de estudantes de matemáticas creado neste 2025 para promover a participación de rapazas de entre catorce e dezaioito anos en múltiples actividades asociadas cas matemáticas, particularmente nas Olimpíadas Matemáticas e outras competicións semellantes. A iniciativa xorde pola preocupación das estudantes do Grao en Matemáticas ante a baixa porcentaxe de participación de mulleres nestas actividades, este ano só houbo un 28% de participación feminina na Olimpíada de Bacharelato, que se traduce en 101 rapaces e 40 rapazas.

Sábese que a primeiro de carreira de matemáticas chegan unhas sesenta mulleres cada curso, isto é, case un 50% do total de matriculados, resulta polo tanto extraña esa diferenza. Aurias nace para reducir esta distancia.

Para isto propoñemos un programa de amadriñamento, xunto con outras actividades asociadas.

Este programa busca conectar ás rapazas interesadas con mulleres estudantes do Grao en Matemáticas, do Dobre Grao en Matemáticas e Enxeñaría Informática e do Dobre Grao de Física e Matemáticas, que se reunirían con estas unha vez cada dúas semanas de forma telemática e cun horario flexible ca fin de achegarlles esta ciencia de forma máis persoal e con maior facilidade. Neses encontros poderán falar sobre o mundo universitario, en particular, o asociado cas matemáticas e Santiago de Compostela, tamén tratarán e discutirán problemas tipo Olimpíada matemática podendo recibir formación específica, sempre dende un enfoque orientado á aprendizaxe personalizada e ao desenvolvemento das capacidades e razoamentos matemáticos.

Contamos neste proxecto coa colaboración do Clube Olímpico da Facultade de Matemáticas, Sementeira, creado no 2017 e con ampla experiencia na preparatoria e participación de concursos matemáticos nacionais e internacionais. Desta colaboración xorde un manual de preparación, co que poderán contar todas as participantes do proxecto.

Sendo os obxectivos desta iniciativa achegarlles matemáticas universitarias, moi distintas das cursadas no ensino medio, ás participantes e como se dixo no inicio, motívalas a participar en actividades matemáticas, como poden ser o concurso Explícoche Matemáticas 2.0 ou as Olimpíadas matemáticas e un encontro presencial opcional entre madriñas e afilladas.

Podedes contactar con nós en auriasmat@gmail.com e matematicas.estudiantes@usc.gal